



## **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Asunto: Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno para o 16.10.2025

Don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, dita a seguinte resolución:

De conformidade co establecido nos artigos 80 e 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

### **RESOLVO:**

CONVOCAR A SESIÓN ORDINARIA do Pleno do Concello de Miño, que terá lugar o día 16 de outubro de 2025 ás 20:00 horas, no salón de plenos da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior: sesión ordinaria do Pleno do 17.09.2025
2. Modificación da composición das comisións informativas permanentes.
3. Modificación da ordenanza fiscal número 5, reguladora da taxa por saneamento, así como de tratamento e depuración de augas residuais incluída a vixilancia especial dos sumidoiros particulares, e da ordenanza fiscal número 9, reguladora da taxa pola subministración de auga.
4. Aprobación do expediente de modificación orzamentaria nº 12/2025 no orzamento de 2025, vía transferencia de crédito.
5. Ratificación da Resolución núm. 983/2025 do 30.09.2025 de adhesión do Concello de Miño ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) pilas e acumuladores.
6. Ratificación da Resolución núm. 982/2025 do 30/09/2025 de Adhesión ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (AEE)
7. Dación de contas das resolucións da Alcaldía: dende o día 08.09.2025 (resolución número 860/2025) ata o día 12.10.2025 (resolución número 1016/2025).
8. Dación de contas das actas da Xunta de Goberno Local das seguintes datas: 12.09.2025, 19.09.2025 e 26.09.2025.
9. Mocións
  - 9.1. Moción do Grupo municipal do PsdeG-PSOE para a mellora do transporte por estrada entre Miño e Betanzos.
  - 9.2. Moción do Grupo municipal do Partido Popular para o control e erradicación do plumeiro da pampa.
  - 9.3. Moción que presenta o Grupo popular do Concello de Miño de Miño para esixir responsabilidades e unha auditoría urxente sobre os fallos do sistema Cometa.
  - 9.4. Moción do Grupo mixto- BNG para solicitar á Xunta de Galiza o financiamento íntegro das escolas municipais de Miño e a súa transferencia á rede "Galiña Azul".



**9.5.** Moción do Grupo mixto- BNG para o impulso dun plan municipal de compostaxe.

**10.** Informes do equipo de goberno

**11.** Rogos e preguntas

A documentación está á disposición de todos os concelleiros e concelleiras no portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira